



DE SANTA MARIÑA AO RONCUDO PONTECESO

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2020



Distancia: 13 A 15 km (lineal)

Dificultade: alta



Un percorrido que fai parte do litoral do concello de Ponteceso, na “Costa da Morte”, protexida como LIC/ZEC e ZEPA. Unha área de grande valor paisaxístico, biolóxico e xeolóxico.

Un longo tramo no que está ben presente o nome da zona e a súa paisaxe máis característica, cantís expostos, abas de forte pendente cubertas de toxos ata onde o permite o terreo, ou ata onde o impide a auga do mar, sen máis paso posible que o carreiro do Camiño dos Faros e outros carreiros puntuais polos que se achegan á beira os percebeiros e os pescadores da contorna, cantís expostos, sen abrigos, nos que baten sen acougo, as ondas do mar aberto

Un tramo duns 13 km, ata 15 km se facemos os desvíos ás puntas, con subidas de pendentes fortes, directas, e baixadas picantes das mesmas características, e carreiros “a nivel” que teñen moitos puntos con subidas e baixadas curtas pero duras.



O Roncudo e a punta Monzón

PERCORRIDO

Comezamos no **portiño de Santa Mariña**, dámoslle a volta á punta e seguimos pola beira ata o **Pichón**, de aquí para diante o relevo e os toxos póñeno imposible así que nos apartamos do mar e remontamos o regato ata chegar ao camiño, alí collemos á dereita e xa estamos na estrada que seguimos, cara á dereita, ata chegar á curva na que atopamos a primeira saída á dereita por un vello camiño que nos mete no monte para levarnos a un alto desde onde vemos a **enseada da Barda** e segue o carreiro que baixa por unha forte pendente, desde os cen metros de altura ata a beira do mar, e logo vira á esquerda para levarnos ao fondo da enseada, á **Area Grande da Barda**, un pequeno areal no fondo do abrigo que acolle as embarcacións da xente de Guxín. Ao pé da baixada á praia hai unha furna. Cruzamos a praia para incorporarnos á estrada que baixa desde Guxín, para subir por ela uns metros e deixala cando un carreiro á dereita nos permite pasar á **Area Pequena** e seguir, ao pé dun regueiro lamacento, ata o carreiro que gañando altura, tendido pero con tramos de subida incómodos, nos achega á **punta Espiñeira**, límite oeste da enseada, onde vira á esquerda para percorrer, mantendo bastante a altura e a distancia ao mar, aínda que con constantes subidas e baixadas, curtas pero duras, pasamos ao pé da **punta do Castro**, da **enseada da Grixoa**, a **punta de Eiras**, á que podemos baixar, a **punta Percebellosa** e a **punta dos Nouchóns** para asomarse á **enseada da Zarrateira**, virar, ver, desde o alto, o **illote e o rego do Barco** e logo subir á aldea do **Roncudo**. Entramos no lugar, seguimos a rúa entre casas e ruínas, para desviarnos na primeira rúa á dereita, unha estradiña asfaltada pola que teremos que camiñar uns 650 m antes de desviarnos á dereita, cara ao antigo vertedoiro de lixo, clausurado, e despois de atravesar o alargo collemos o camiño polo que segue a ruta, ao pouco de entrar nel hai un desvío á dereita, fóra do roteiro, que nos achega ao **Petón do Lume** debaixo do que se atopa a **punta da Dona**, unha boa altura, con caída ao mar de máis de 100 m, para abranguer por un lado a enseada da Zarrateira -cos Nouchóns, o Rego do Barco e as **Laxes Bravas**- e polo outro o tramo de costa coa **enseada da Dona** e a **laxe das Pesqueiras** ata as **puntas do Mouzón**. De volta no camiño seguímolo ata o remate nun regueiro aquí podemos seguir de fronte, unha forte subida ao parque eólico e despois unha longa baixada tamén de gran pendente, ou desviarnos seguindo os sinais, á dereita, e baixar pola beira dun valado para seguir máis preto do mar e pasando ao pé da laxe das Pesqueiras, por debaixo das **pedras dos Frades**, e chegar ás puntas do Mouzón desde onde xa vemos o punto final do percorrido cara a onde iremos baixando, aínda faremos un desvío na **Baixa da Rúa** para ter un novo punto de vista do cantil e a boca das furnas. Na estrada rematamos, pero aínda podemos achegarnos ao **faro** é un pouco antes de chegar, á dereita, se a marea non está moi chea, ver unha ampla poza encaixada entre as rochas a xeito de piscina natural. Para facer o percorrido dunha soa vez pódese ter un coche de reserva ou pedir un taxi.



Santa Mariña. A Eiroa



Porto de Santa Mariña



Cova na Eiroa (Santa Mariña)



Punta de Santa Mariña



O Pinchón



Punta Arbosa e monte Meán




O Bravío



Enseada da Barda



Enseada da Barda




Area Grande e Area Pequena

Area Grande



Area Pequena



Punta Espiñeira



As Rozas e A Escorrentada



Punta do Castro e A Furoca



Enseada de Grixoa

Punta de Eiras



Punta de Eiras



Enseada de Eiras



Punta Percebellosa



Punta dos Nouchóns



Rego do Barco



O Roncudo






Enseada da Zarrateira. Laxes Bravas.




21-Punta da Dona. O Tordeiro.




A Dona e Baixos das Abrollas



Vista desde A Dona: Laxe das Pesqueiras



Pedras dos Frades



Furna da Fuxisaca e Punta do Roncudo



Punta do Monzón



Punta Baixo da Rúa.
Laxe da Nádega.



Punta do Roncudo